

Despois do seu paso por diferentes localidades de Navarra, o día 8 de setembro inaugurouse, no Museo Pedagóxico de Galicia, en Santiago de Compostela, a exposición A Diversidade Lingüística e Cultural no Camiño de Santiago. Ao acto asistiu o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Anxo Lorenzo, quen afirmou que “o peregrino que realiza o Camiño non o percorre de xeito impermeable, senón que ao longo do seu traxecto comparte, coñece, comunícase e, paseniñamente, vai enchendo a súa mochila de novas experiencias, culturas e linguas”. “Esta exposición itinerante –engadiu– pretende achegarlle ao visitante esa amálgama diversa de cores que conforma o Camiño de Santiago, e faino dun xeito ameno, invitando a participar e a reflexionar sobre a diversidade lingüística e cultural”.

A exposición busca promover e fortalecer a diversidade das linguas e das culturas europeas, particularmente das minoritarias, tendo como eixo vertebrador algunhas das linguas que se falan nos territorios polos que transcorre o chamado Camiño Francés.

A mostra Diversidade Lingüística e Cultural no Camiño de Santiago iniciou a súa itinerancia en Pamplona/Iruña o pasado 16 de xullo e seguiu por Orreaga/Roncesvalles e Puente la Reina antes de chegar a Santiago, onde permanecerá ata o 15 de novembro. A última parada da exposición será en Kiel (Alemaña), desde o 22 de novembro ata o 22 de decembro.